La Voz de Galicia, 8 Julho 1986, p. ?

Xosé Manuel Beiras renunció a ocupar su escaño en la Real Academia Galega

Santiago (Redacción). El diputado del Bloque Nacionalista Galego en la Cámara autonómica, Xosé Manuel Beiras, presentó su renuncia formal a ocupar un escaño en la Real Academia Galega, para el que fue elegido en 1976 y del que, por problemas personales, todavía no había tomado posesión. Con una carta al presidente de la Real Academia Galega, Domingo García Sabell, el dirigente nacionalista dice que, al no gustarle practicar la lógica del absurdo, esperará tiempos «máis acaídos prao exercicio académico da miña propia dignidade».

Xosé Manuel Beiras, tras sostener a lo largo de su escrito que la Real Academia traiciona en la actualidad «á súa adxetivación de galega e representa na escea real e viva do país un esperpento valleinclanián», considera que la decisión que adoptó no es un desaire, sino una definición de la Real Academia actual y una toma de postura por su parte. Defiende su actuación en los años pasados, cuando, después de superar las circunstancias personales que lo alejaron de la actividad pública, escribió y despositó su discurso de ingreso.

Según Xosé Manuel Beiras, «ao cúmulo de sinais negativos de identidade que esa Academia viña emitindo como únicos síntomas de esistencia nos últimos anos, veuse engadir unha lene pingueira de intermitentes actuacións abraintemente contraditorias coa índole que lle quixeron dar á RAG os seus creadores e os seus máis esgrevios membros nun pasado que semella, máis que lonxán, divorciado da realidade presente da institución, e denotadoras dun aberrante degrau de alienación tocantes ás necesidades culturais do pobo ao que naceu pra servir».

El dirigente nacionalista afirma que «nunca debecín por honores e dignidades do tipo do que pra algúns, como se cadra vostede, pode representar ser académico. O meu único honor posible é somentes a alícuota que me corresponda do honor colectivo do pobo galego: se a il se lle nega, eu ficarei espiado de honras. A única dignidade apreciábel e asequíbel pra min é a do ser humán que se mantén ergueito, sen fachenda pro con orgulo e íntima libertade. En concreto, o único senso positivo que pode ter o ser membro da Academia Galega é o contribuir institucionalmente á defensa e avivecemento da cultura do pobo por mor do cal escribíu Rosalía no noso idioma —pola «soia e verdadeira xente do traballo neste país»—, por mor do que deu a súa vida Bóveda —«amo a Galiza máis que á miña vida»—, por mor do que Otero Pedrayo deixou un día de andar narcisistamente «arredor de sí» e púxose a ser a imensa cachoeira de grandeza humán e criatividade que aínda hoxe rega e dá erba nas bocarribeiras da nosa cultura».

Según Beiras Torrado, «nada diso fai hoxendía esa Academia. Nada diso fai dende hai anos vostede. Fan mesmamente todo o contrario: o día que se escriba a historia da abraiante involución cultural, ideolóxica e política do fato de persoas que hoxe gobernan esa Academia e outras institucións, coma o Consello da Cultura, despois de teren sido ou parecido ser quen foran, e mesmamente cando xa sonara a hora de daren a sua xusta medida sen atrancos esternos constrinxentes, o pasmo e o noxo de narradores e receitores desa historia non terá límites».

Concluye la carta justificando su decisión. «Mais iso é, ao cabo, cousa de vostedes, é o seu escrusivo «mester». Non vou erguerme eu en conselleiro voso, nin moito menos en moralista de persoaxes que dalgún xeito tanto relembran ao egoísta «inmoraliste» de Gide. Mesmo o paso de facerlles constar a miña opinión e máis a decisión que inevitábelmento se desprende dela tal coma se desprenden os corolarios das milloriñas proposicións científias, cústame o enorme esforzo dunha audacia que de ningún xeito posúo nesta dimensión específica da miña persoalidade vital. Inda menos tocantes a vostede, con que me ligaron no pasado vencellos singulares inda non completamente estintos nalgún eido irredutíbel tánto á sua coma á miña vontade. Mais se por mesura e discreción perante esas implicacións me mantiven deica agora no silencio, prolongado aínda máis pesia todo arriscaríame a convirtir a prudencia en coartada e a discreción en complicidade.